

Outros destinos anteriores		Años	
		Meses	
		Días	

.....

.....

.....

.....

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Conhecimento da lingua galega	Fala	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial,
Obras Públicas e Vivenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Anuncio do 10 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de canto, fundamentos de composición, linguaxe musical, orquestra e percusión e no corpo de profesores técnicos de formación profesional especialidades equipos electrónicos e instalacións electrotécnicas.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os seguintes corpos e especialidades:

1. Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Especialidades	Titulacións
Canto	1º Título de grao superior. 2º Título de grao medio do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Fundamentos de composición	1º Título de grao superior: -De harmonía, contrapunto, composición e instrumentación. -De solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento. 2º Título de grao medio de: -De harmonía, contrapunto, composición e instrumentación. -De solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento. Do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).

Especialidades	Titulacións
Linguaxe musical	1º Título de grao superior de solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento. 2º Título de grao medio de solfexo, teoría da música, transposición instrumental e acompañamento do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).
Orquestra	Título de grao superior de dirección de orquestra.
Percusión	1º Título de grao superior. 2º Título de grao medio do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.

2. Profesores técnicos de formación profesional.

Especialidades	Titulacións
Equipos electrónicos	1. Licenciado en física, especialidade electrónica. 2. Enxeñeiro de: -Telecomunicación. -Electrónica. -Automática e electrónica industrial. -Industrial. -Aeronáutico. 3. Diplomado en radioelectrónica naval. 4. Enxeñeiro técnico: -Aeronáutico, especialidade en eronavegación. -Informática de sistemas. -Industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial. -Telecomunicación, en todas as súas especialidades.
Instalacións electrotécnicas	1. Licenciado en física, especialidade electrónica. 2. Enxeñeiro de: -Telecomunicación. -Electrónica. -Automática e electrónica industrial. -Industrial. 3. Diplomado en radioelectrónica naval. 4. Enxeñeiro técnico: -Aeronáutico, especialidade en eronavegación. -Informática de sistemas. -Industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial. -Telecomunicación, en todas as súas especialidades.

O prazo para presentar a instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

O modelo de solicitude e o baremo que se aplicará atópase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> entrar en profesorado, interinos e substitutos, convocatoria apertura de listas) e nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 299/1990, do 24 de maio.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2004.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 15 de novembro de 2004, da División de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego e son convocados para a realización dela.

O punto 6 da base décimo cuarta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que á vista das peticións de reparación presentadas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará na *Diario Oficial de Galicia* as listaxes definitivas de admitidos e excluídos á entrevista por centros ou complexo hospitalario, así como o lugar, a data e a hora de realización da entrevista. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de reparación entenderanse implícitas na citada publicación.

Por todo iso, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro) das categorías de: cirurxía xeral e aparello dixestivo, hematoloxía e hemoterapia, traumatoloxía e cirurxía ortopédica, nefroloxía, otorrinolaringoloxía, aparello dixestivo, análises clínicas, pediatria e as súas áreas específicas e obstetricia e xinecoloxía.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo para a realización das entrevistas, no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n de Santiago de Compostela, de conformidade coa seguinte distribución:

Cirurxía xeral e aparello dixestivo: día 23 de novembro de 2004, ás 9.30 horas: C.H. Universitario de Santiago de Compostela, C.H. Pontevedra, C.H. A. Marcide-Novoa Santos de Ferrol; ás 16.00 horas: